

Referencia:	2026/850K
Procedemento:	Elaboración, gestión de la convocatoria y concesión de subvenciones
Interesado:	
Representante:	
SECCIÓN DE SUBVENCIONES (2550)	

**CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ANPAS DE CENTROS EDUCATIVOS  
OURENSE QUE IMPARTAN ENSINANZAS EDUC INFANTIL, PRIMARIA E/OU ENSINANZAS OBRIGATORIAS QUE DESENVOLVAN  
ACCIÓNS NO EIDO EDUCACIÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025/2026**

Unha vez examinada a documentación presentada coas distintas solicitudes para concesión de subvencións a ANPAS de centros educativos de Ourense que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria e/ou ensinanzas obrigatorias que desenvolvan accións no eido da educación durante o curso escolar 2025/2026, advertiuse a existencia de deficiencia corrixibles. Polo exposto, de conformidade co disposto na base oitava da convocatoria requírese, para que no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio na páxina web <http://www.depourense.gal>, enlace Sección de Subvencións, enlace Relación de Concursos, concurso para a

concesión de subvencións a ANPAS de centros educativos de Ourense que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria e/ou ensinanzas obrigatorias que desenvolvan accións no eido da educación durante o curso escolar 2025/2026, proceda á emenda da deficiencia, mediante a presentación ante a Deputación Provincial da documentación marcada cun X na columna correspondente. O documento que debe ser obxecto de emenda indícase por referencia ao número que se lle asigna na táboa. Ao final do texto deste anuncio especifícase de qué documento se trata en cada caso.

SOLICITANTE	APARTADO 1	APARTADO 2	APARTADO 3	APARTADO 4	APARTADO 5	APARTADO 6	APARTADO 7	APARTADO 8
ANPA Escola Activa								X

**Documentación administrativa:**

**APARTADO 1.-** Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

**APARTADO 2.-** Estatutos sociais da entidade.

**APARTADO 3.-** Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditarase mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

**APARTADO 4.-** Certificado de incrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

**APARTADO 5.-** Declaración responsable comprensiva so feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

**APARTADO 6.-** Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

**APARTADO 7.-** Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

**APARTADO 7.-** CIF no que conste o domicilio social da entidade en Ourense, e DNI do representante legal da mesma.

**\*Necesidade de certificado dixital a nome da entidade solicitante da subvención.**

**APARTADO 8.-** Tendo en conta o disposto na base décimo oitava da convocatoria, relativo a normativa aplicable, que prevé, que en todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación o disposto na normativa de subvencións aplicable a administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas, o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón, que as persoas xurídicas estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Neste caso, ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva no que os solicitantes son persoas xurídicas, deben presentar, obrigatoriamente, a documentación para a tramitación do procedemento de referencia, pola sede electrónica co **certificado de representante de persoa xurídica (non de persoa física)**.

Neste senso, e, de conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que indica que si algún dos suxeitos aos que fai referencia o artigo 14.2 e 14.3, presenta a súa solicitude presencialmente, as administracións públicas requirirán ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica.

No caso de non presenta-la documentación no prazo establecido, a súa solicitude será inadmitida a trámite e non se procederá á súa valoración. Para calquera dúbida ou consulta pode dirixirse ó Negociado de Concursos desta Deputación Provincial , teléfono 988317559.